

Comisión de seguimento do Pacto 24 de novembro de 2011

□ **Segunda convocatoria de listaxes polo expedient-e.** o Comunicáronnos de que o luns 28 de novembro de 2011, se publicará en DOG a resolución pola que se abre o prazo de inscrición para as categorías de:

Grupo Auxiliar da función administrativa

Persoal de Servizos Xerais

Celador/a

O prazo de inscrición abrirase o 1 de decembro de 2011 e TODAS as persoas interesadas deberán inscribirse a través do FIDES/expedient-e. o Os méritos que serán tidos en conta son os causados a 31 de decembro de 2011.

O prazo de aportación de solicitudes e méritos remata o 15 de xaneiro de 2012. o Ao igual que na convocatoria de Técnicos Superiores, a solicitude presentárase vía electrónica e documental co pertinente rexistro administrativo da solicitude.

Unha vez se publiquen os listados provisionais, abrirase un prazo máximo de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións.

□ **Aclaracións de dúbidas ou cuestións sobre o expedient-e e o novo pacto.**

Solicitudes de inscrición confirmadas: no caso de que algún aspirante, unha vez teña confirmada de maneira definitiva no FIDES a inscrición nas listas de contratación, queira facer algunha modificación na mesma, poderá aportar por rexistro administrativo un escrito dirixido á mesma unidade de validación que a solicitude de inscrición, no cal solicite os cambios na solicitude de inscrición que considere oportunos, SEMPRE que se faga antes da finalización do prazo de presentación de inscricións (neste caso, o 15 de xaneiro).

Cursos antigos que non teñen o programa impreso no diploma: teranse en conta só os que indiquen a categoría destinataria.

Nomeamentos a tempo parcial: preguntouse de cal sería a orde de oferta deste tipo de contratos, a resposta foi a seguinte:

1º opción voluntaria de nomeamentos a tempo parcial da área/zona.

2º lista xeral da área/zona.

3º opción voluntaria de áreas limítrofes.

Segundo a Administración contestan que, dada a situación actual, non se dará este caso porque consideran que non se esgotarán as listas.

Listas de curta duración: na inscrición figurará sempre a opción SI/NON ás listas de curta duración. Naquelas áreas ou zonas nas que estén habilitadas estas listaxes (Anexo II) haberá unha casela na que os aspirantes terán que escoller o centro ao que pretenden anotarse.

□ **Varios:**

A Administración informa que no mes de decembro nos convocarán para tratar o regulamento das listas de curta duración, e tamén o regulamento da Formación Práctica Específica que se recolle no Pacto.

Non hai previsión da publicación das listas provisionais de Técnicos Superiores, porque están a ter problemas coa catalogación da experiencia profesional.

Previsións: A Administración informounos de que teñen a intención de que as seguintes categorías en abrir o prazo de inscrición sexan as categorías sanitarias e finalmente o resto do persoal non sanitario. De todas maneiras pretenden ter pechados todos os procesos de

inscripción no mes de marzo de 2012.